

Convocatoria pública de cesión de espazos para o desenvolvemento de proxectos empresariais de I+D+i no sector no sector da Bioloxía e Química ou afíns no Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade da Coruña

Os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro), indican no seu artigo número 21 que a Universidade da Coruña, en uso da súa autonomía, poderá crear outros centros docentes, de investigación ou de creación artística, propios ou concertados, distintos das facultades, escolas e institutos. Dentro dese mesmo artigo 21 indícase, no seu apartado 3, que os centros tecnolóxicos estarán orientados a actividades de investigación, desenvolvemento e innovación e asesoramento. Neses mesmos estatutos, no seus artigos 55 e 56, indícase que a investigación constitúe unha función esencial da Universidade da Coruña e que, sen prexuízo da libre investigación individual na Universidade da Coruña, se realizará preferentemente en grupos de investigación recoñecidos, nos seus departamentos e institutos universitarios, así como en todos aqueles centros de finalidade fundamentalmente investigadora que a Universidade cree en uso da súa autonomía. A Universidade, mediante as medidas organizativas, de orzamento e de contratación que foren precisas, asegurará e fomentará a realización da actividade investigadora.

A UDC é unha entidade de dereito público de carácter multisectorial e pluridisciplinar que desenvolve actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da docencia e da investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo. A UDC está de acordo en establecer unha colaboración nos campos científicos e tecnolóxicos de interese común con empresas, incluída a participación en proxectos conxuntos tanto de ámbito nacional como internacional.



Con base no anterior e na procura de estreitar as relacións entre a universidade e as empresas, unir esforzos e establecer normas amplas de actuación que canalicen e incrementen, dentro dun marco preestablecido, os contactos e as colaboracións, convócase a oferta da cesión do uso temporal dun espazo público no Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), propiedade da Universidade da Coruña no campus de Elviña da Coruña, para empresas do sector da Bioloxía e Química ou afíns, co obxecto de estas desempeñaren actividades de I+D+i, de acordo coas seguintes cláusulas.

Esta convocatoria efectúase polo vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia en exercizo de competencias delegadas polo reitor, segundo a resolución reitoral do 12 de xaneiro de 2016, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos (artigo 4).

PRIMEIRA. CONDICIÓN DOS SOLICITANTES

a) Documentación administrativa

a.1. As empresas terán que acreditar a súa personalidade xurídica. Xa que logo, deberán achegar unha copia autorizada ou o testemuño da escritura de constitución e de modificación, de ser o caso, debidamente inscritas no rexistro mercantil correspondente, cando este requisito for esixible conforme á lexislación mercantil aplicable. Se non o for, a acreditación realizarase mediante a escritura ou o documento de constitución e de modificación, os estatutos ou o acto fundacional en que consten as normas mediante as cales se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no rexistro oficial oportuno.

Os empresarios/empresas que non sexan españois de estados membros da Comunidade Europea, ou signatarios do acordo sobre o espazo económico europeo, acreditarán a súa personalidade mediante a inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro for esixido pola lexislación do estado respectivo, en función dos diferentes contratos.

Os restantes empresarios/empresas que non sexan españois acreditarán a súa personalidade mediante unha certificación expedida pola respectiva



representación diplomática española, en que se faga constar que as empresas figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades a que se estende o obxecto do contrato. Nestes supostos, ademais, deberá achegarse un informe da representación diplomática española sobre a condición de estado signatario do acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 55 do Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público (TRLCSP), aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

a.2. Cando a persoa solicitante non actúe en nome propio ou se se tratar dunha sociedade ou dunha persoa xurídica, deberá presentar un apoderamento bastante (legal, suficiente e subsistente) por calquera organismo da Administración, para representar a persoa ou entidade a cuxo nome se concorra ante a UDC, debidamente inscrito no rexistro correspondente, de se tratar dunha sociedade, e fotocopia autenticada do DNI do/a apoderado/a.

a.3. Declaración responsable de se atopar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias ante as facendas estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, e de Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

a.4. Declaración de que non se incorre en ningunha das circunstancias que incapacitan para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP, que se apreciarán segundo o que se dispoñen os artigos 61 e 61 bis do mesmo texto legal.

a.5. Xustificante de estar ao día no pagamento do imposto sobre actividades económicas da epígrafe correspondente, mediante a presentación do último recibo.

b) Documentación técnica

b.1. Presentarase a documentación correspondente, e no mesmo orde, de acordo cos puntos cuarto e quinto desta convocatoria.

b.2. Incluírase, así mesmo, unha relación dos traballos realizados no ámbito da Bioloxía e Química ou afíns en que se mantivese vínculo coa UDC entre 2010 e 2016, indicando os importes, as datas e os beneficiarios destes. Entre eles,

contratos e convenios, proxectos de I+D+i, rexistros de propiedade industrial e intelectual, publicacións, comunicación en congresos, etc.

b.3. Un resumo sinóptico, dun máximo dunha folla DINA4 por ambas as caras, indicando os puntos fortes da empresa en ámbitos da Química e a Bioloxía ou afíns, e cal é a súa actividade.

b.4. Nomeamento dunha persoa delegada con capacidade de representación para todo o relacionado coa execución da convocatoria e do convenio correspondente, segundo o Anexo 4.

Para o que non estiver recollido nel, serán de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público (TRLCSP), aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro; o Regulamento xeral de contratación do Estado; a lexislación da Comunidade Autónoma galega sobre contratación administrativa e o resto das disposicións que regulan esta materia.

SEGUNDA. SOLICITUDES

As empresas interesadas presentarán unha solicitude (modelo Anexo 1) que recollerán e entregarán no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña na Reitoría (situada na rúa Maestranza s/n, 15001 A Coruña), na Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (situada na rúa doutor Vázquez Cabrera s/n, 15403 Ferrol) ou na Casa do Lagar (situada no Campus de Elviña s/n, 15071 A Coruña), entre o día 1 de xuño e o día 15 de xuño de 2016 (en horario de 9 a 14 horas). A solicitude tamén estará dispoñible no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, sen prexuízo que poida tamén publicarse noutros apartados da web.

As solicitudes, dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, poderán presentarse mediante calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE de 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro de 1999 (BOE de 14 de xaneiro). De se enviar alguna solicitude por correo certificado, deberá remitirse unha copia por fax ao Rexistro Xeral (fax 981 337 440) antes

do remate do prazo establecido. As solicitudes subscritas no estranxeiro poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

Se por causas xustificadas a solicitude non reunise todos os requisitos, requiriráselle á persoa interesada que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, de acordo co artigo 71.1 da citada Lei 30/1992.

Os méritos que alegaren as empresas e que, de acordo coa convocatoria, desexaren que se lles tiveren en conta, así como o cumprimento dos requisitos, acreditaranse mediante as copias dos documentos xustificativos, sen prexuízo, no seu caso, da opción de presentar os orixinais. A Universidade poderá solicitar os orixinais dos documentos que figuren na súa solicitude, co fin de se realizar a compulsa correspondente.

A documentación acreditativa dos méritos deberá numerarse. No recadro correspondente da solicitude en que se relacionaren os méritos, deberá consignarse o número de páxina en que figura o documento acreditativo. Non se valorarán os méritos alegados que non foren acreditados documentalmente nin aqueles que a Comisión de Selección considerar que non están suficientemente acreditados.

Os aspirantes quedan vinculados ao que fixeren constar nas súas solicitudes, e poderán demandar unicamente a súa modificación mediante un escrito motivado.

As empresas interesadas poderán consultar o Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, sen prexuízo que poida tamén publicarse noutros apartados da web, onde figurará publicada esta convocatoria e todas as informacións relativas ao seu desenvolvemento.

TERCEIRA. COMISIÓN DE SELECCIÓN E LISTAXE DE AGARDA

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Rexistro Xeral remitirá inmediatamente estas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia.

A Comisión de Selección estará formada polos seguintes membros:

- a) O vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, quen a presidirá
- b) O adxunto de Transferencia da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia
- c) O adxunto de Investigación da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia
- d) O coordinador do CICA
- e) A directora da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación

Teranse en conta como méritos os que se recollen nos puntos correspondentes desta convocatoria (primeiro, cuarto e quinto).

A Comisión de Selección designará a empresa adxudicataria do espazo no CICA e poderá solicitarlle ao seu representante unha entrevista persoal, se for oportuno.

A Comisión de Selección establecerá unha listaxe de agarda coas empresas solicitantes para cubrir as posibles baixas que se produciren por calquera motivo durante o período de duración da adxudicación. A listaxe establecerase con base na puntuación que se obtiver no proceso de selección e anularase automaticamente no momento en que a UDC decida convocar publicamente de novo esta cesión de espazos. O feito de non aceptar calquera dos espazos que puideren quedar vacantes implicará a baixa da empresa na listaxe de agarda.

CUARTA. DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE QUE REALIZARÁ A EMPRESA

A continuación descríbense os puntos que deberán ser incluídos na descripción da actividade que realizará no CICA.

- a) Definición do obxectivo que se persegue.
- b) Descrición das infraestruturas accesibles publicamente para actividades de I+D+i para o CICA.
- c) Descrición da actividade que se desenvolverá, incluídos o alcance, os axentes (empresas, grupos de investigación, institucións públicas, etc.) implicados e a súa planificación, a 2 anos (detalladamente) e a 4 anos (de forma xenérica).



d) As persoas que integrarán a iniciativa, con indicación do seu vínculo coa empresa.

Nomes das persoas que se designarán e se responsabilizarán da marcha da iniciativa no CICA.

e) A descrición dos resultados da investigación ou do coñecemento que se van explotar.

Indicarase en particular se concorren dereitos de propiedade industrial ou intelectual da titularidade da UDC.

f) Calquera outra cuestión que se considerar de interese.

QUINTA. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS EMPRESAS

a) Achegas de infraestruturas comúns para actividades de I+D+i vinculadas ao CICA, especialmente a instalación de equipamento de acceso público para o CICA.

b) Actividades de I+D+i no sector da Bioloxía e Química ou afíns que se desenvolverá nas instalacións do CICA.

Valorarase especialmente a aliñación e a implicación no proxecto das distintas áreas tecnolóxicas que desenvolven os grupos do CICA. Tamén se considerarán as colaboracións con outros axentes do tecido industrial, e o carácter estatal ou internacional das actividades que se van a desenrolar.

c) Execución ou participación en proxectos e programas de investigación e de desenvolvemento relacionados coa Bioloxía e Química ou afíns en colaboración cos departamentos, institutos, centros de investigación e grupos de investigación da UDC, e particularmente co CICA.

d) Organización e execución de actividades comúns relacionadas coa promoción social da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector da Bioloxía e Química ou afíns.

e) Estadías e contratacións de estudantes e titulados da UDC na empresa, no sector da Bioloxía e Química ou afíns e moi especialmente doutores.

f) A transferencia de tecnoloxía e o retorno económico á UDC. Valorarase especialmente a aplicación de resultados de proxectos de I+D+i desenvolvidos polo persoal docente e investigador da UDC, así como o retorno económico

que a súa explotación poida ofrecerlle á UDC no sector da Bioloxía e Química ou afíns.

Que teña a distinción de Spin off ou de Empresa Asociada da UDC tamén se terá en conta.

g) Cantas outras actividades foren consideradas de interese, dentro das disponibilidades da empresa e das que constitúen o obxecto desta convocatoria.

SEXTA. RÉXIME XURÍDICO

As colaboracións derivadas desta convocatoria quedarán sometidas ao ordenamento xurídico español. Os convenios específicos que subscribiren a empresa adxudicataria do espazo e a UDC fixarán as condicións en que desenvolverá a cesión e a actividade, tendo en conta a natureza da colaboración e o centro en que se realizará o traballo.

A empresa e a UDC comprométense a resolveren de maneira amigable calquera desacordo que puider xurdir no desenvolvemento deste acordo. En caso de conflito, ambas as partes acordan o sometemento aos tribunais da Coruña, con renuncia do seu propio foro.

SÉTIMA. CONFIDENCIALIDADE E PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

Cada unha das partes comprométese a non difundir, en ningún dos seus aspectos, as informacións científicas ou técnicas pertencentes á outra parte a que puider ter acceso no desenvolvemento dos convenios específicos, sempre que esas informacións non foren de dominio público.

Tanto en publicacións como en patentes, respectarase sempre a mención dos autores do traballo; nestas últimas figurarán en calidade de inventores. En calquera dos casos de difusión de resultados, farase sempre referencia especial ao convenio específico.

As empresas adxudicatarias autorizarán a UDC para esta publicar as liñas xerais das actividades de I+D+i que desenvolveren no CICA.

OITAVA. CESIÓN DE ESPACIOS

A UDC, no marco desta convocatoria e para o período que esta abrangue, cédelle á empresa adxudicataria (en diante, a empresa) o uso exclusivo do espazo descrito no Anexo 2, de acordo coas condicións que se recollen a seguir.

a) Gastos da cesión de uso

Como pagamento pola cesión do uso de instalacións e espazos, a empresa deberá aboar mensualmente a cantidade de dez euros por metro cadrado (10 €/m²), aos cales se lles sumará o IVE correspondente segundo normas vixentes ao respecto. O pagamento efectuarase a mes vencido.

O importe deste pagamento poderá ser diminuído nas condición e polas cantidades especificadas no convenio de cooperación que se asine no momento da cesión do uso de instalación e espazos. Estas minoracións estarán condicionadas ao cumprimento de conceptos relacionados coa cooperación da empresa co CICA e a UDC.

A cantidade a pagar será revisada anualmente durante a vixencia desta cesión de conformidade coa variación que experimente o índice de prezos ao consumo (IPC).

b) Gastos común

Os gastos comúns (auga, luz, gases, seguridade e mantemento xeral) ligados ao funcionamento dos espazos ocupados pola empresa serán satisfeitos proporcionalmente por ela.

No suposto de que nun futuro procédase a instalación de contadores individuais para a empresa, ésta deberá ser responsable do pago dos seus propios gastos de auga e luz, procedéndose a axustar ou eliminar a cantidade sinalada no paragrafo seguinte que por estes conceptos veña pagando a empresa á UDC.

Estes gastos teñen como referencia os gastos comúns en que incorrer a UDC e en función do espazo ocupado. Establécese que a empresa deberá pagar por este concepto a cantidade de tres euros por metro cadrado (3 €/m²) mensuais,

en concepto de auga e luz máis o IVE correspondente, segundo as normas vixentes ao respecto. O pagamento efectuarase a mes vencido. Estas cantidades serán revisables segundo o IPC.

A UDC trasladará tamén a empresa os gastos vinculados a consumo de gases medidos a través de contadores individuais no caso de precisalos.

Os gastos de teléfono e copiadora correrán por conta da empresa.

c) Instalacións dos espazos cedidos

Os espazos postos á disposición da empresa contan coas instalacións básicas e figurarán no correspondente convenio.

A instalación e o mantemento de calquera equipo ou servizo adicional que puiden requirir a empresa correrán pola súa conta e necesitarán un permiso previo por escrito da UDC, quen supervisará que empresas realizan ditas instalacións.

d) Obrigas de conservación

A empresa obrígase a manter as características dos espazos cedidos, e non realizará obras que alteren a súa estrutura sen permiso escrito da UDC, agás pequenas reparacións necesarias para paliaren o desgaste ordinario, ou aquelas que foren necesarias e urxentes para evitar un dano inminente ou unha incomodidade grave. Neste caso deberá comunicalo previamente á UDC, e esta dar o seu consentimento previo por escrito.

Os gastos derivados destas reparacións necesarias e urxentes correrán a cargo da empresa.

Os danos ou as indemnizacións necesarias por causa de defectos materiais ou ocultos nas instalacións ou no edificio serán asumidos integramente pola UDC.

e) Destino

A empresa destinará os espazos e as instalacións única e exclusivamente ao desenvolvemento de actividades de I+D+i no sector da Bioloxía e Química ou afíns.

Se para levar a cabo a actividade de I+D+i da empresa no ben cedido for necesaria a obtención de calquera tipo de licenza ou de permiso, a empresa comprométese a obtelo pola súa conta.

A empresa non poderá en ningún caso arrendar ou ceder, en todo ou en parte, os bens cedidos. De isto acontecer, a UDC poderá dar por finalizada validamente a cesión de forma inmediata, sen lugar a indemnización ningunha en favor da empresa, e poderá esixir a devolución dos espazos e instalacións sen necesidade de ningún tipo de requirimento previo pola súa parte. A UDC poderá esixir á empresa o pago dunha indemnización por danos e prexuízos.

Se, como parte do proxecto de I+D+i proposto, outros actores do tecido industrial estiveren implicados nas actividades de I+D+i no CICA, a empresa ten a obriga de declaralo previamente e a UDC terá dereito de veto. Neste caso, a UDC poderá facer pública a información sobre as empresas vinculadas ao citado proxecto.

f) Responsabilidades

A empresa asumirá os gastos de reparación dos danos causados a persoas e bens derivados do desenvolvemento da súa actividade. Para tal efecto, deberá subscribir o seguro de responsabilidade civil oportuno.

g) Normativa de seguridade e hixiene no traballo

A empresa comprométese a cumprir as normas, os procedementos e as instrucións establecidas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC, así como os procedementos do CICA relativos ao acceso e uso das instalacións e recursos común recollidos no seu sistema de xestión da calidade.

h) Entrega dos espazos e das instalacións

Os espazos mencionados e as instalacións entregaráselle á empresa tras a sinatura do convenio correspondente e de acordo co recollido nel. No momento da súa entrega, as partes deberán verificar que se cumpren os termos establecidos e que se entregan en condicións adecuadas.

i) Restitución dos espazos e das instalacións

Unha vez vencido o período inicial ou a última prórroga do acordo, a empresa restituíralle os espazos e as instalacións á UDC nas mesmas boas condicións en que as recibiu, agás a deterioración natural causada polo uso lexítimo.

j) Xuros de mora

No caso de existir demora nos pagamentos debidos e especificados nesta convocatoria ou nos convenios específicos subscritos ao seu abeiro, os pagamentos gravaranse co tipo legal de xuro de mora que publica semestralmente no *Boletín Oficial do Estado* o Ministerio de Economía e Competitividade.

NOVENA. ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN DA CESIÓN DE ESPAZOS

A empresa adxudicataria e a UDC asinarán un convenio específico de cesión de espazos, que entrará en vigor no momento da súa sinatura. A súa vixencia será de catro anos desde o momento da entrega, prorrogable por períodos de dous anos por acordo mutuo.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

As partes poderán modificar ou resolver o correspondente convenio específico en calquera momento por mutuo acordo. As modificacións serán mínimas e debidamente xustificadas.

De igual maneira, poderán cancelar o convenio mencionado en calquera momento tras a comunicación por escrito á outra parte con tres meses de antelación.

Así mesmo, constitúe causa de resolución do convenio o incumprimento das obrigas das partes. Para estes efectos, considérase incumprimento das partes, entre outros, a falta de pagamento, o arrendamento ou a cesión sen consentimento, a realización por parte da empresa de obras sen autorización e causar danos dolosamente nos bens cedidos.

En calquera caso, deberán completarse as tarefas dos convenios específicos que estiveren en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRA. OBRIGAS DA EMPRESA BENEFICIARIA DOS ESPACIOS

Son obrigas da empresa beneficiaria as seguintes:

1. Cumprir as actividades sinaladas na cláusula cuarta.
2. Xustificar anualmente perante a UDC, mediante unha memoria de actividades, que cumpre os requisitos e as condicións necesarios, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaren a concesión ou o aproveitamento do espazo.
3. Participar das actividades de difusión de investigación y divulgación científica que teñan lugar no CICA.
4. Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a UDC, se for o caso, así como a calquera outra de comprobación e de control que puideren realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle for requirida no exercicio das actuacións anteriores.

A empresa beneficiaria gardará con absoluto rigor o segredo profesional e adquirirá o compromiso de non utilizaren en ningún caso as informacións que puideren chegar a coñecer con motivo do traballo que desenvolveren, así como de non explotar aqueles traballos realizados sen a autorización expresa da UDC. Este compromiso será válido non só durante o período de permanencia no CICA, senón tamén unha vez que finalice este, por un período que, de ser o caso, establecerá a propia UDC.

DÉCIMO SEGUNDA. INCOMPATIBILIDADES

A adxudicación é incompatible coa percepción doutras cesións da mesma natureza da Universidade da Coruña.

No caso de que a empresa teña adxudicado outro espazo na UDC, deberá renunciar a él no momento da ocupación do espazo no CICA.

Consonte a isto, a empresa aspirante declara ao asinar a solicitude no modelo oficial (Anexo 1) que son certos todos os datos que se consignan na solicitude, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria.

Tamén declara, mediante o Anexo 3, que non se atopa incurso en ningunha das circunstancias ou causas de prohibición, incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración recollidas no artigo 60 do TRLCSP, que se apreciarán segundo o que se dispoñen os artigos 61 e 61 bis do mesmo texto legal.

DÉCIMO TERCEIRA. CONVENIO REGULADOR

1. De acordo co previsto na convocatoria, a empresa adxudicataria subscribirá un convenio coa UDC que regulará o modelo de relación entre esta e a empresa, así como as condicións do uso dos espazos e medios que a UDC pon á disposición do(s) promotor(es) e especificará o custo deste uso, así como as obrigas de mantemento e coidado que asumen as persoas usuarias.

2. En caso de a empresa ter como base dalgún dos seus produtos ou servizos a explotación de propiedade industrial ou intelectual da UDC, o convenio deberá incorporar como anexo o correspondente contrato ou convenio de licenza. Nel terá que facerse constar o tipo de retorno que recibirá a UDC pola súa cesión ou licenza, de acordo co que establece a normativa universitaria aplicable.

DÉCIMO CUARTA. SEGUIMIENTO DA ACTIVIDADE DA EMPRESA

Anualmente cada empresa presentará un informe coas actividades desenvolvidas, dirixido ao/á Coordinador/a do CICA.

DÉCIMO QUINTA. NATUREZA DA RELACIÓN COA EMPRESA ADXUDICATARIA E INTERRUPCIÓN DA CESIÓN DE ESPAZOS

A empresa seleccionada e o seu persoal non adquiren ningunha relación contractual laboral, administrativa nin estatutaria coa Universidade da Coruña.

A concesión do espazo non implica ningún compromiso de posterior incorporación dos empregados da empresa ao seu cadro de persoal. Doutra parte, a empresa perderá o dereito á cesión do espazo se, despois de se lle conceder, por algunha razón non realizare as tarefas previstas ou as fixere con notoria deficiencia a xuízo da UDC que deberá oír a empresa interesada, a través do/a Coordinador/a do CICA.

En caso de renuncia, a empresa beneficiaria deberá notificarlle por escrito esta circunstancia ao/á coordinador/a do CICA cunha antelación mínima de tres meses. De se autorizar a renuncia nos primeiros seis meses desde a concesión, o espazo adxudicaríase á empresa que tiver máis puntuación na listaxe de reserva efectuada para o efecto, e que realizará os pagamentos correspondentes desde o día da incorporación até o remate do período previsto se non houberse o cambio.

DÉCIMO SEXTA. PUBLICACIÓN DO RESULTADO DA CONVOCATORIA, ACEPTACIÓN DA ADXUDICACIÓN E RECURSOS

O resultado desta convocatoria publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, e seralle notificado á empresa beneficiaria persoalmente. Esta deberá comunicarlle por escrito a aceptación da adxudicación á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia nun prazo de 10 días dende a comunicación do resultado da convocatoria. Superado dito prazo sen recibir a UDC a comunicación de aceptación, a empresa decaería nos seus dereitos.

A incorporación da empresa adxudicataria terá lugar segundo o estipulado no convenio específico correspondente, non sendo que se xustifique debidamente algún atraso.

Contra o acordo de adxudicación poderá interponerse un recurso de alzada ante o reitor desta Universidade no prazo dun mes, apartires do día seguinte ao da súa publicación.

Contra a presente convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, os interesados poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que contarán a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, ante os xulgados co



contencioso-administrativo de A Coruña, de conformidade co establecido nos artigos 109 y 110 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e, con carácter potestativo e previo poderán interpoñer, un recurso de reposición, no prazo dun mes, perante o Reitor, de conformidad ecos artigos 116 e 117 da referida Lei.

A Coruña, 30 de xuño de 2016

O vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

Asdo. Salvador Naya Fernández

**ANEXO 1****MODELO DE SOLICITUDE (CICA EMPRESAS 2016)**

Convocatoria pública de cesión de espazos para o desenvolvemento de proxectos empresariais de I+D+i **no sector da Bioloxía e Química ou afíns no Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da UDC**

DATOS DA EMPRESA

| | | |
|--|---------------------------------------|-----|
| Nome da empresa | | |
| Localidade e provincia da sede principal | Nacionalidade | CIF |
| Domicilio (rúa, número e piso) | Localidade, provincia e código postal | |
| Correo electrónico | Teléfono | Fax |

Solicita participar no proceso de selección da:

| | |
|--|----------------------|
| Convocatoria de cesión de espazos para empresas no CICA | Data da convocatoria |
|--|----------------------|

Para tal efecto acompaña esta solicitude dos documentos xustificativos e os méritos alegados, numerados correlativamente do 1 ao ____ ,



1. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

| Segundo o punto 1.a) da convocatoria | N.º de xustificante |
|--------------------------------------|---------------------|
| a.1 | |
| a.2 | |
| a.3 | |
| a.4 | |
| a.5 | |

2. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

| Segundo os puntos 1.b), 4.0 e 5.0 da convocatoria | N.º de xustificante |
|---|---------------------|
| b.1 Presentar en documentos a parte en formato libre, de acordo co requirido nos puntos 4.0 e 5.0 da convocatoria | |
| b.2 | |
| b.3 | |
| b.4 | |
| | |

3. BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE QUE VAI DESENVOLVER A EMPRESA NO CICA

(Máximo unha folla DIN A4 por ambas as caras)

| |
|--|
| |
|--|

ANEXO 2

Espazos: información e planos

O espazo ofrecido ás empresas está situado no edificio do CICA, situado no campus de Elviña da Coruña. Este espazo de 44,86 m² atópase no andar 0 e ofrécese diáfano e sen ningún tipo de mobiliario como se indica no plano que se achega. O espazo carece de fiestras.

Ademáis carece de tomas de auga, luz, gases, teléfono, internet e ventilación. A empresa deberá facerse cargo da instalación destas no caso de precisalas. Para elo requirirá unha autorización previa da UDC que ademáis supervisará qué empresas realizarán tales instalacións ou calquera outra.


A cesión inclúe o acceso aos espazos comúns do edificio, incluídas as salas de reunións, salón de actos e laboratorios e equipamento de uso común, e de acordo coas normas de utilización dos recursos comúns do CICA. Poderá cobrarse un suplemento polo uso dalgún deles.


A+0.04- 34.49 (Laboratorio)

A+028- 6.15 (vestíbulo)

A+029- 4.22 (vestíbulo)

TOTAL= 44,86 m²







ANEXO 3

MODELO DE DECLARACIÓN DE NON ESTAR SOMETIDO A INCOMPATIBILIDADES

_____, con DNI _____
expedido en _____ o día ___ de ___--___ de _____, que actúa en
nome de _____, con domicilio en _____ na rúa
_____ segundo o poder que lle foi outorgado perante o notario de
_____ D. _____, o día ___ de _____ de _____, baixo
o número de protocolo _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a empresa non se atopa incurso en ninguna das circunstancias ou causas de prohibición, incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración, recollidas artigo 60 do TRLCSP, que se apreciarán segundo o que se dispoñen os artigos 61 e 61 bis do mesmo texto legal.

_____, _____ de _____ de 2016



ANEXO 4

MODELO DE NOMEAMENTO DO/A DELEGADO/A DA EMPRESA

D./D^a _____ , apoderado/a da empresa _
_____, nomea a D./D^a. _____

como delegado/a ante a Universidade da Coruña con capacidade de representación para todo o relacionado coa convocatoria pública de cesión de espazos para a instalación de empresas no **Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)** da UDC.

Comunícolle isto para os efectos oportunos.

(Lugar e data)

(Sinatura)